

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 9 DE XUÑO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese Diego Calvo Pouso como delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña
- Decreto polo que se modifica o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o intercambio de información sobre a identidade de persoas inscritas nos rexistros de parellas de feito ou similar natureza.

---

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do parque empresarial de Touro (A Coruña).
- Acordo polo que se declara de interese da Comunidade Autónoma de Galicia a obra hidráulica “nova captación e depósito na estación de tratamento de auga potable de Caldas de Reis. Caldas de Reis (Pontevedra)”, CLAVE: OH.236.1003, por importe de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos cincuenta e oito euros con sete céntimos (682.558,07 euros).

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Igape e a Universidade de Vigo, para a realización do máster en Comercio Internacional 2010-2011 e 2011-2012, cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, por importe de oitenta mil euros (80.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio específico de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e o Instituto de Comercio Exterior para o desenvolvemento do plan de promoción dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas en EE.UU durante os anos 2011, 2012 e 2013, por importe de cincocentos corenta e sete mil setecentos un euros (547.701,00 euros).

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, e o Ministerio de Cultura para a realización do Catálogo colectivo dos bens integrantes do patrimonio bibliográfico, por un importe total de douscentos trinta e tres mil trescentos trinta e catro euros (233.334 euros).

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo (eixo 2, código 71 do P.O do Fondo Social Europeo 2007/2013), e se aproba a concesión de anticipos

---

en contía superior ao sinalado no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo importe de dous millóns cento setenta e oito mil trescentos euros.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "liña de media tensión soterrada, CTC, RBT Parada" sobre a que cualifica o monte veciñal en man común "Souto e Bouza" pertencente á comunidade de "Paradela, Souto, Bouza e Barreiro" no concello de Portas, Pontevedra.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se ordena á Asesoría Xurídica Xeral o personamento como acusación particular nas dilixencias previas nº758/2011 do Xulgado de Instrución nº3 de Ferrol, aos efectos do exercicio das accións penais e civís que correspondan en nome e representación da Xunta de Galicia, en relación cun posible delito contra a saúde pública por comercialización de vieiras tóxicas.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a situación da dixitalización da imaxe médica no Servizo Galego de Saúde.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a programación cultural da Cidade da Cultura para o segundo semestre do 2011.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do inicio da tramitación da Lei de montes.

---

## A XUNTA ADAPTA A REGULACIÓN DAS MÁQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR Á DIRECTIVA EUROPEA DE SERVIZOS PARA CONTINUAR ELIMINANDO TRABAS AO SECTOR

- ***Entre outras facilidades, elimínase o requisito de ter que constituírse en empresa operadora para a explotación dos tocadiscos, aparellos accionados por moedas para uso infantil e máquinas deportivas como dardos, billares, futbolíns, etc***

O Consello da Xunta desta mañá deu luz verde a un decreto que modifica a regulación das máquinas recreativas e de azar da Comunidade galega. O obxecto desta modificación é eliminar as restricións á libre prestación de servizos como consecuencia da adaptación da nosa normativa de xogo á Directiva europea relativa aos servizos do mercado interior.

A chamada 'Lei omnibus' modificou 23 leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva europea relativa aos servizos no mercado interior, entre elas a Lei reguladora dos xogos e apostas en Galicia, eliminando a autorización administrativa previa das máquinas recreativas ou tipo A. Ante esta modificación fíxose necesario adaptar o Decreto polo que se aproba o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia á nova realidade.

Así, no que respecta ás máquinas recreativas ou tipo A o novo decreto elimina a obriga de obter unha autorización previa para a súa explotación e a necesidade de homologación previa dos modelos, substituíndoas por un réxime de inscrición por virtude de declaración responsable previa á comercialización.

Pola súa banda, nas máquinas deportivas -dardos, billares, futbolíns, etc.- e demais excluídas da normativa de xogo -máquinas tocadiscos ou videodiscos, máquinas ou aparellos de uso infantil accionados por moedas e máquinas ou aparellos de natureza estritamente manual ou mecánica de competencia pura ou deporte- elimínase o requisito de ter que constituírse en empresa operadora para a explotación destas máquinas e, por tanto, a necesidade de capital social mínimo para estes casos, a constitución de fianza, así como a necesidade de chegar a un acordo coa empresa operadora para poder instalar este tipo de máquinas nos establecementos de hostalaría.

Ademais, tamén se elimina o tope máximo de máquinas deportivas que se poden instalar nos establecementos de hostalaría, que era de dúas máquinas. Non obstante, aínda que non é necesario constituírse en empresa operadora para a explotación destas máquinas, mantense a obrigatoriedade de que nas máquinas deportivas consten, de xeito visible, os datos do seu titular.

---

## A FP GALEGA FORMARÁ A PROFESIONAIS CUALIFICADOS EN SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS ADAPTADOS AOS REQUISITOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao novo currículo do ciclo formativo de grao superior en sistemas electrotécnicos e automatizados*
- *O alumnado destas ensinanzas adquirirá competencias para a instalación e mantemento de instalacións eléctricas, sistemas domóticos e inmóticos e infraestruturas de telecomunicación en edificios*
- *A actual Consellería leva adaptados un total de 37 currículos ás novas exigencias de perfís profesionais*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria formará profesionais cualificados en sistemas electrotécnicos adaptados aos actuais requisitos de eficiencia enerxética, tras a aprobación hoxe no Consello da Xunta do novo currículo do ciclo formativo de grao superior en sistemas electrotécnicos e automatizados.

Ao abeiro deste currículo, adaptado á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións profesionais, as alumnas e alumnos que cursen estas ensinanzas cubrirán a necesidade de profesionais cualificados con competencias relacionadas cun deseño e unha instalación adecuados a maiores requisitos de eficiencia enerxética e seguridade na explotación e no uso das instalacións e de conservación ambiental mediante o uso de enerxías renovables e a xestión de residuos.

Ademais, a formación establecida nos novos currículos adaptados, 37 xa no que vai de lexislatura, capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais. No caso deste ciclo trátase dunha dimensión de grande importancia, xa que a adaptación aos cambios de normas e regulamentos está a supor unha evolución cara a sistemas integrados de xestión de calidade e seguridade.

Cómpre ademais sinalar que o forte crecemento na demanda de instalacións automatizadas, tanto en vivendas e edificios como en industrias, instalacións solares fotovoltaicas e de infraestruturas de telecomunicacións en edificios de vivendas e do sector terciario. O perfil profesional vinculado a este ciclo, que capacita para a adecuación de materiais e equipamentos con maiores prestacións, eficiencia e seguridade nas instalacións electrotécnicas, resulta pois unha importante oportunidade de acceso ao mundo laboral para os titulados nestas ensinanzas.

---

### **Formacións en centros de traballo**

Así mesmo, os currículos adaptados inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional

Ademais, e co fin de favorecer a mobilidade entre estudos, neste currículo establécese a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

---

## A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A PESCA PROFESIONAL DA ANGUÍA EN GALICIA

- *Esta actividade realizarase mediante plans de aproveitamento específicos*
- *Para a tramitación e aprobación do plan terase en conta a adaptación do seu contido aos criterios establecidos pola normativa europea, que aprobou o Plan Nacional da Xestión da Anguía e doce específicos para comunidades autónomas, entre elas Galicia*

O Consello da Xunta aprobou o Decreto polo que se regula a pesca profesional da anguía nas augas continentais competencia da nosa Comunidade Autónoma. Mediante a aprobación desta normativa regularase a pesca profesional a través de plans de aproveitamento específicos. Tras máis de 14 anos sen regulacións, e despois da aprobación pola UE do Plan de Xestión da Anguía Europea para Galicia.

O Regulamento, (CE) nº 1100/2007, polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación de anguía europea recolle a preocupación que distintos estamentos científicos e autoridades de distintos países veñen amosando nos últimos anos sobre o estado de conservación da poboación desta especie, e condiciona o mantemento das actuais taxas de explotación da especie á adopción de medidas que incrementen o actual nivel de fuxida de anguías prateadas cara ao Mar dos Sargazos.

A tramitación dun plan de aproveitamento iniciárase por solicitude dunha asociación profesional de pescadores -ou outra entidade asociativa constituída de xeito legal- que teña por obxecto as mesmas finalidades respecto da anguía-. Na solicitude deberán indicarse, entre outros contidos, as artes de pesca que se propoñen, as zonas dentro de cada bacía fluvial, o número previsto de días de actividade, as cotas de captura diarias e a relación de embarcacións.

### **Aprobación**

Para a tramitación e aprobación do plan terase en conta a adaptación do seu contido aos criterios establecidos, con data 1 de outubro do 2010, na decisión da Comisión Europea, entre os que destacan a utilización de artes permitidas e as cotas de captura anual (que deben asegurar a sustentabilidade da pesquería). Na decisión da Comisión Europea aprobouse o Plan Nacional da Xestión da Anguía e doce plans específicos para comunidades autónomas, entre elas Galicia, que dan cumprimento ao Regulamento (CE 1100/2007 polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación de anguía europea.

---

No decreto queda excluído do seu ámbito de aplicación as masas de auga declaradas salmoneiras, de reo ou de especial interese para a riqueza piscícola. No caso de existir diferentes propostas de plans de aproveitamento específico para a mesma bacía fluvial terase en conta aquel que máis se adapte ao contido do plan de xestión aprobado pola Comisións Europea.

A aprobación do plan de aproveitamento será ditada polo director xeral de Conservación da Natureza e terá un prazo máximo de resolución de tres meses, cunha vixencia máxima dun ano.

### **Permisos**

Para practicar a pesca dentro dun plan de aproveitamento requirirase ter unha licenza de pesca de *clase D* (denominada licenza profesional para a pesca de anguía, angula, lamprea e especies de esteiro). Cando o exercicio da pesca requira do emprego de embarcacións será preciso contar tamén coa licenza de *clase E* (especial para embarcacións e artefactos boiantes que se empreguen no exercicio da pesca). Os permisos serán expedidos polo Servizo Provincial de Conservación da Natureza correspondente en cada caso.

### **Período hábil**

O período hábil para a pesca da anguía comprenderá -como máximo- nove meses ao ano, para a súa determinación teranse en conta as condicións climatolóxicas e hidrolóxicas que favorecen a migración dos reprodutores de anguía durante o outono. Ademais só se autorizará a captura da anguía na fase do seu ciclo vital denominada "anguía amarela" e sempre que teña unha dimensión mínima de 20 centímetros.



---

## AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS ASINARÁN UN CONVENIO PARA O INTERCAMBIO DE DATOS DOS REXISTROS DE PARELLAS DE FEITO

- ***Mediante a sinatura deste convenio garántese a incompatibilidade nas inscricións simultáneas en diferentes rexistros autonómicos***

O Consello da Xunta na súa xuntanza semanal autorizou hoxe a sinatura dun convenio con outras comunidades autónomas para o intercambio de datos de información das inscricións realizadas nos distintos rexistros de parellas de feito da comunidade galega, co fin de evitar supostos de dobre inscrición e garantir así unha maior seguridade xurídica.

Os únicos datos persoais sobre os cales poderán versar os intercambios de información serán o nome, apelidos e número do documento de identidade achegado polo interesado na súa solicitude de inscrición no rexistro de parellas de feito. Os intercambios de información realizaranse preferiblemente empregando as novas tecnoloxías da comunicación e información, tanto no que se refire ao soporte en que figuran os datos, coma os medios polo que se transmiten.

O pasado 21 de marzo na Conferencia de Gobernos das Comunidades Autónomas que tivo lugar en Santander, as comunidades que participaron acordaron tramitar un convenio para o intercambio de datos das inscricións realizadas nos distintos rexistros de parellas de feito, unións de feito e outras denominacións que as comunidades autónomas teñan establecidas.

Desta maneira, conseguirase garantir a incompatibilidade nas inscricións simultáneas en diferentes rexistros autonómicos, e a posta en marcha desta medida redundará nunha maior coordinación entre as diferentes administracións para unha mellor prestación dos servizos públicos, e unha xestión máis eficiente dos recursos, o que repercutirá de forma positiva nos cidadáns.

A posta en marcha do Rexistro de Parellas de Feito en Galicia foi en xaneiro do 2008, coa aprobación da Lei 10/2007 que na súa disposición derradeira considera parellas de feito “as unións de dúas persoas maiores de idade, capaces e que convivan coa vocación de permanencia nunha relación de afectividade análoga á conxugal e que a inscriban no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, expresando a súa vontade de equiparar os seus efectos aos do matrimonio”.

Desta maneira, a constitución da parella de feito só se entenderá efectuada a partir da súa inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia e os rexistros municipais deben comunicar as inscricións, cancelacións e modificacións, logo do consentimento

---

dos integrantes da parella. O Rexistro de Parellas de Feito de Galicia ten un funcionamento descentralizado xestionado a través das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, baixo a dependencia directa da dirección de Xustiza, que coordina a súa actividade e imparte as oportunas directrices para acadar unha tramitación homoxénea que permita dar seguridade xurídica a que acode ao Rexistro.

---

## APROBADO O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE TOURO (A CORUÑA), QUE OCUPARÁ PRETO DE 53.000 METROS CADRADOS

- *O parque empresarial será desenvolvido pola empresa propietaria da totalidade dos terreos en que se asenta*
- *A empresa queda obrigada a poñer no mercado polo menos o 40 por cento do solo útil resultante*
- *O prezo de venda dese solo deberá ser aprobado previamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo*
- *O investimento supera os tres millóns de euros e será na súa totalidade a cargo da empresa promotora*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto sectorial do parque empresarial de Touro, incluído no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Inicialmente prevíase que o promotor sería a empresa pública Xestur Coruña. Dado que a totalidade dos terreos en que se vai asentar o parque empresarial pertencen a un único propietario, interesado no seu desenvolvemento, Xestur chegou ao acordo de ceder a promoción á dita firma, Explotaciones Gallegas, S.L. que correrá con todos os custos do parque empresarial.

### Principais características da actuación

- Superficie total do proxecto sectorial: 78.747 m<sup>2</sup>
  - Superficie viaria de acceso: 25.992 m<sup>2</sup>
  - Superficie total do ámbito do parque empresarial: 52.755 m<sup>2</sup>
    - Superficie lucrativa industrial: 29.406,00 m<sup>2</sup>
- Orzamento total previsto: 3.490.722,07 euros (IVE incluído).

Segundo o acordo entre Xestur Coruña e a empresa promotora, Explotaciones Gallegas S.L. asume a execución ao seu cargo das obras de urbanización, obrigándose a :

- Ceder gratuitamente a Xestur unha superficie urbanizada do 10 por cento ou aboarlle o importe equivalente en metálico.

- 
- Ofertar para a venda a terceiras empresas un mínimo do 40 por cento da superficie de parcelas de uso industrial, cuxo prezo de venda deberá ser xustificado e comunicado ao IGVS.
  - Ceder ao concello as superficies de uso e servizo público.
  - Prestar garantía a favor do IGVS do cumprimento das súas obrigas, unha vez que sexa aprobado o proxecto sectorial.

## OS VECIÑOS DE CALDAS DE REIS BENEFICIARANSE DA MELLORA DO SEU SISTEMA DE ABASTECIMENTO, QUE A XUNTA DECLAROU HOXE DE INTERESE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- *A actuación, na cal o Goberno galego investirá case 700.000 euros, inclúe unha nova captación no río Umia, un depósito de distribución conectado ao existente e a mellora dos accesos á ETAP*
- *O proxecto xa está redactado e licitarase este mesmo verán*
- *Esta obra inclúese no Plan Umia, no cal o Executivo autonómico investirá preto de 22 millóns de euros e que foi redactado por Augas de Galicia co fin de dar solucións ás deficiencias detectadas no encoro de Caldas*
- *As actuacións destínanse a evitar a proliferación das cianobacterias, e consensuáronse cos concellos máis directamente implicados e coa Deputación Provincial de Pontevedra*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe a proposta de declaración de interese da Comunidade Autónoma de Galicia da obra hidráulica de nova captación e depósito na estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Caldas de Reis. Nesta actuación, o Goberno galego investirá case 700.000 euros.

A declaración de interese xeral da comunidade autónoma é unha figura recollida na nova Lei de augas e permitirá axilizar os prazos de execución das obras de mellora do abastecemento de Caldas de Reis. Neste momento o proxecto xa está redactado e licitarase este mesmo verán. A obra inclúe unha nova captación no río Umia, un depósito de distribución conectado ao existente e a mellora dos accesos á ETAP.

As actuacións definidas no proxecto comprenden:

- A execución dunha nova captación na marxe dereita do río, que constará de dous pozos filtrantes, rodeados de grava envolta en xeotéxtil
- Bombeo e impulsión desde a captación á ETAP, mediante unha conducción de medio quilómetro de lonxitude con tubo polietileno.
- Execución dun depósito de 2200 metros cúbicos de planta rectangular que se conectará ao existente.
- Mellora dos accesos á ETAP

Na actualidade, o núcleo de Caldas dispón dunha ETAP con capacidade de tratamento de aproximadamente 26,4 litros/segundo. A dita infraestrutura conta cunha liña de tratamento formada por unha unidade unidade de potabilización automática e dous

---

filtros de carbón activo. Xunto a esta atópase un depósito de planta rectangular de 1.500 m<sup>3</sup> de capacidade, dividido en dous vasos.

A auga recíbese dun manancial que asegura a case totalidade da demanda durante o inverno e para completar esta achega dispón dunha captación no río Umia, augas abaixo do encoro da Baxe, no lugar de Segade. A auga captada nesta zona presenta problemas na súa calidade, motivados pola proliferación estival de cianobacterias no encoro. Durante estes episodios, os filtros da ETAP atáscanse con frecuencia, sendo preciso realizar varios lavados diarios, durante os cales se utiliza auga xa tratada e se deixa de achegar auga ao depósito, de modo, que o seu nivel diminúe rapidamente, producíndose problemas de subministración.

Esta situación, ao final do ano hidrolóxico, pode xerar situacións de desabastecemento, como aconteceu en setembro de 2010, cando foi preciso completar o abastecemento mediante subministración de auga aos depósitos de Caldas con camións cisterna, tal e como estableceu a declaración do servizo de emerxencia de subministración de auga potable para abastecemento á poboación de Caldas de Reis desde a ETAP de Vilagarcía de Arousa.

Nos últimos anos, no encoro de Caldas véñense producindo procesos de eutrofización nas súas augas, que derivan nos meses estivais en importantes proliferacións de cianobacterias do xénero *Microcystis*, Como foco principal da proliferación, o encoro de Caldas está sometido a un control continuo durante todo o ano a partir dos datos subministrados en tempo real polos sensores dunha bola e dos datos obtidos nas mostraxes semanais.

Cabe sinalar que o encoro non é un punto de captación, nin está autorizado para o uso recreativo, polo que a proliferación de cianobacterias no mesmo non debe representar un risco directo para a poboación. Non obstante, existen captacións de auga abaixo do encoro, por isto, estableceuse un protocolo de control deseñado segundo os documentos guía da Organización Mundial da Saúde e un protocolo experimental da Universidade Autónoma de Madrid, adaptado ás experiencias previas na bacía do Umia.

### **Plan Umia**

Esta actuación forma parte do Plan de Xestión Integral para a bacía do río Umia, que supón un investimento estimado de 22 millóns de euros, para levar a cabo desde este ano ata o vindeiro 2015. O conxunto de medidas que integran este plan foron consensuadas cos concellos máis directamente implicados e coa Deputación Provincial de Pontevedra, para poder contar co apoio unánime das administracións,

---

algo que redunda na mellora ambiental do río Umia e nunha maior calidade das súas augas.

Para elaborar este documento, levouse a cabo un estudo en profundidade da bacía do río Umia vertente ao encoro da Baxe, situado entre oito concellos: Cuntis, A Estrada, Forcarei, Moraña, Campo Lameiro, Caldas de Reis, Cerdedo e Silleda, aínda que estes tres últimos nunha extensión moi reducida. En total, estímase unha poboación beneficiada de máis de 9.000 habitantes no contorno da bacía.

O estudo realizado revelou varios problemas que son os causantes da situación desta zona da comunidade autónoma, como é unha ausencia parcial, e nalgúns casos total, do bosque de ribeira en moitos tramos do río; unha forte presión antrópica na maior parte do percorrido; a negativa influencia de prácticas gandeiras na calidade da auga, en especial derivadas do vertido de xurros; a existencia de verteduras de augas residuais ao curso fluvial, fundamentalmente nos concellos de Cuntis e Moraña, así como a influencia do réxime de explotación do encoro, que non ten incidencia na proliferación de bacterias, senón nas garantías para o abastecemento.

### **Actuacións concretas**

O Plan Umia establece unha serie de actuacións de carácter multidisciplinar, entre as que destacan:

- Actuacións nas redes de saneamento e nas estacións depuradoras, fundamentalmente dos concellos de Cuntis, Moraña, Caldas de Reis e Campo Lameiro.
- Prevese unha campaña de limpeza de fosas sépticas na totalidade da bacía fluvial e outras actuacións nos oito concellos relativas a control das verteduras en orixe e calidade das augas, xestión de xurros, melloras no bosque de ribeira e medidas de concienciación ambiental e de boas prácticas agrarias.
- Revisar as normas de explotación, os réximes de caudais ecolóxicos e outras medidas correctivas no encoro da Baxe.
- As melloras no abastecemento a Caldas de Reis, entre as cales se inclúe a obra declarada hoxe pola Xunta como de interese da Comunidade Autónoma.
- A restauración das ribeiras do curso baixo o Umia, para recuperar o ecosistema que discorre ao longo da ribeira do río, desde o mesmo encoro da Baxe ata a desembocadura na ría de Arousa.





---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 80.000 EUROS A APOIAR O MÁSTER DE COMERCIO INTERNACIONAL IMPARTIDO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O financiamento, a través do Igape, contribúe a favorecer a formación de especialistas en comercio internacional, o que conflúe cos obxectivos da Xunta de Galicia de favorecer a internacionalización das empresas galegas*
- *A achega permitirá financiar a presenza de relatores externos á universidade, procedentes de empresas, de institucións de comercio internacional ou de entidades financeiras*

A Consellería de Economía e Industria apoiará cunha achega de 80.000 euros o desenvolvemento do máster de Comercio Internacional que impartirá a Universidade de Vigo en 2011 e 2012, e que ten como obxectivo a formación de capital humano cualificado para apoiar a internacionalización das empresas galegas.

A través do Instituto Galego de Promoción Económica, a Consellería de Economía e Industria apoia o desenvolvemento dun máster oficial da Universidade de Vigo que considera de interese para favorecer a formación de especialistas en comercio internacional, o que conflúe cos obxectivos da Xunta de Galicia de favorecer a internacionalización das empresas galegas.

A achega económica que autorizou o Consello da Xunta está destinada a financiar, durante os dous cursos citados, a presenza de relatores externos á universidade, procedentes de empresas privadas, institucións de comercio internacional ou entidades financeiras, para mellor conxugar a teoría e a práctica na formación dos alumnos do máster de Comercio Internacional.

A presenza dos relatores externos facilitará aos alumnos unha formación máis práctica, que inclúa a experiencia real dos distintos aspectos que hai que valorar no ámbito do comercio internacional, a través de empresarios experimentados na proxección exterior das súas empresas ou relatores vinculados a organismos oficiais de comercio exterior tanto nacionais como estranxeiros.

Aberto cada curso a 30 alumnos, o máster de comercio internacional da Universidade de Vigo inclúe no seu plan de estudos (de 60 créditos) materias como o contorno internacional dos negocios, o marketing internacional, o financiamento comercial das empresas e as súas exportacións, a xestión das operacións internacionais, os mercados electrónicos, as aplicacións informáticas no comercio exterior ou o inglés comercial.

---

A Consellería de Economía e Industria favorece a formación de capital humano especializado no ámbito da internacionalización mediante outros programas formativos como son o de bolseiros de promoción exterior do Igape ou o programa de formación de capital humano nas áreas de actuación do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID).

---

## ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA CASE 550.000 EUROS A APOIAR AS EXPORTACIÓNS DE VIÑOS DE RÍAS BAIXAS A ESTADOS UNIDOS

- ***A cooperación institucional, a través do Igape, ten ofrecido importantes resultados para incrementar a penetración destes viños galegos no mercado americano, que recibiu 1,7 millóns de litros de Rías Baixas na última campaña***
- ***O programa de promoción dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas en Estados Unidos contará cun investimento total que superará 1,5 millóns de euros***

A Consellería de Economía e Industria financiará o 55% da campaña de internacionalización dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas en Estados Unidos regulada no marco dun convenio de cooperación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) que autorizou o Consello da Xunta. A achega do Igape, de acordo con este convenio, ascenderá a case 550.000 euros no período 2011-2013.

O obxecto deste convenio é coordinar accións conxuntas e colaborar financeiramente na realización dun programa de promoción en EE.UU. para os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, que se enmarca dentro das actividades organizadas no Plan Xeral de Viños nese país para o período 2011 a 2013.

Con todo, o orzamento total para o desenvolvemento das accións de promoción dos viños da Denominación de Orixe Rías Baixas en Estados Unidos, durante o período 2011/2013, superará 1,5 millóns de euros.

Este marco de cooperación está acadando notables resultados en canto á penetración dos brancos galegos de Rías Baixas nun mercado tan selectivo como o americano. Así, o volume de exportacións de Rías Baixas a USA medrou nun 13,3% na última campaña, ao pasar de 1,5 a 1,7 millóns de litros, en tanto que o valor das exportacións medraba nun 15%.

A Xunta de Galicia tamén promove a internacionalización a través das súas bases de apoio á internacionalización empresarial, dotadas con 12 millóns de euros en 2011, a través de acordos como o suscrito coa CEG para impulsar a creación das plataformas empresariais no exterior, mediante os acordos con clusters e agrupacións empresariais dinámicas no eido exterior, ou a través do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga).

---

## A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DESTINARÁ MÁIS DE 230.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DO CATÁLOGO COLECTIVO DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO EN COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE CULTURA

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos e o Ministerio de Cultura para a realización do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia. Deste xeito, en 2011 investiranse 233.334 euros na contratación de persoal especializado para desenvolver a realización do catálogo*
- *O Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia constitúe a adquisición dun activo inmaterial para a nosa Comunidade Autónoma e ten por obxecto o inventario e a descrición do patrimonio bibliográfico depositado nas bibliotecas públicas ou privadas de Galicia. A configuración deste catálogo permitirá a cooperación entre as bibliotecas e será un instrumento de apoio á investigación histórica*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, e o Ministerio de Cultura para a realización do Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia. En virtude deste convenio, neste ano 2011 investiranse 233.334 euros para contratar ao persoal especializado que realizará a catalogación, dos cales 140.000 euros serán achegados pola Consellería de Cultura e Turismo e 93.334 euros polo Ministerio de Cultura.

O Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia constitúe a adquisición dun activo inmaterial para a nosa Comunidade Autónoma e ten por obxecto o inventario e a descrición do patrimonio bibliográfico depositado nas bibliotecas públicas ou privadas de Galicia. A configuración deste catálogo, un proxecto en fase de desenvolvemento, en proceso continuo de ampliación e depuración, posibilitará a difusión e o coñecemento do patrimonio bibliográfico de Galicia. Ademais, facilitará a protección e preservación do patrimonio bibliográfico, será un elemento que permitirá a cooperación entre as bibliotecas e un instrumento de apoio á investigación histórica. Este catálogo é a base para a planificación do proxecto da Biblioteca Dixital de Galicia, *Galiciana*, que será presentada proximamente.

Conforme establece o artigo 51 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español, a Administración do Estado (Ministerio de Cultura), en colaboración coas demais administracións competentes, confeccionará o Catálogo colectivo dos bens integrantes do patrimonio bibliográfico. Este é un convenio de periodicidade quinquenal que continúa a colaboración xa iniciada en 1989. O obxecto do presente

---

acordo é continuar a colaboración xa iniciada e levar a cabo o proxecto desenvolvido conxuntamente pola Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos e o Ministerio de Cultura para elaborar o Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia.

---

## A XUNTA DESTINARÁ DURANTE ESTE ANO 2,1 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INCLUSIÓN

- *Técnicos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar promoven a inserción social e laboral de persoas en situación ou grave risco de exclusión*
- *Os distintos servizos e accións do plan chegaron o pasado ano a 2.355 persoas das cales 638 accederon a un posto de traballo*

A Consellería de Traballo e Benestar achegará este ano 2.178.300 euros para o desenvolvemento por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de actuacións no marco do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio para a realización da devandita achega.

O II Plan Galego de Inclusión Social está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e pola Xunta de Galicia e é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Así, o Consorcio conta con 19 equipos de inclusión que, desde 19 oficinas situadas en distintos concellos das catro provincias galegas, desenvolven un labor de alcance comarcal. O obxectivo principal deses equipos é promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou risco grave de exclusión social mediante o desenvolvemento de itinerarios personalizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produivo.

Eses itinerarios, deseñados polos técnicos coa participación activa das persoas destinatarias, inclúen un conxunto de servizos, prestacións e accións de orientación, formación e emprego e, cando as circunstancias así o requiren, actividades de desenvolvemento persoal e de adquisición de habilidades sociais.

O pasado ano, o total de persoas que se beneficiaron das distintas accións do II Plan Galego de Inclusión Social foi 2.355 e delas 638 accederon a un posto de traballo. Dende o ano 2008 esas actuacións chegaron xa a 7.590 persoas.

---

## APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ELECTRIFICACIÓN NUN MONTE DE PORTAS

- *O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicou o expediente á comunidade de Paradela, Souto, Bouza e Barreira, que non se opuxo ao dito proxecto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de prestación de servizo de electrificación sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común Souto e Bouza, pertencente á comunidade de 'Paradela, Souto, Bouza e Barreira', no municipio pontevedrés de Portas.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, o Servizo de Montes de Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente á comunidade afectada e abriuse un período de quince días para posibles alegacións. A dita comunidade non se opuxo á realización do proxecto.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo deste , propuxo que se informase favorablemente esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

---

## A XUNTA DE GALICIA PEDIRÁ COMPARECER COMO ACUSACIÓN PARTICULAR NA *OPERACIÓN CAPACHO* PARA VELAR POLO CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

- *A Consellería do Mar lembra que nestes momentos todas as rías galegas están pechadas para a extracción de vieira, polo que non existe nos mercados vieira fresca galega*
- *A única vieira que se pode atopar nos mercados é foránea ou galega conxelada*
- *O departamento que dirixe Rosa Quintana fai un chamamento aos consumidores para que compren produtos polas canles legais de comercialización e que exixan nos restaurantes e establecementos comerciais a acreditación que garante a legalidade do produto*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a comparecer como acusación particular, por instancia das consellerías de Mar e Sanidade, na causa aberta contra o tráfico de vieira ilegal no marco da "*Operación Capacho*". Este operativo, que se iniciou o pasado 2 de xuño, foi levado a cabo polos Servizos de Protección da Natureza (*Seprona*) e Marítimo da Garda Civil, así como pola Policía Xudicial. Como responsable en materia de saúde pública e de comercialización dos produtos pesqueiros galegos, a Xunta cre necesario implicarse no procedemento para velar polo estrito cumprimento da lei en beneficio da totalidade dos cidadáns.

A actuación da Consellería do Mar neste operativo consistiu en efectuar as análises de detección e determinación de niveis de presenza de toxina amnésica (ASP) no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (*Intecmar*) e trasladar os resultados ao Seprona. Ademais, o Servizo de Gardacostas realizou traballos de custodia e traslado das mostras de vieiras destinadas á análise e encargouse da tramitación da destrución daquelas partidas de veira comisadas e non precisadas para a súa análise.

A consellería que dirixe Rosa Quintana está a desenvolver varias actuacións de reforzo para combater o furtivismo como a próxima incorporación de 22 novos veterinarios ao Servizo de Gardacostas para intensificar os controis de inspección na cadea de distribución e comercialización e a detección dos produtos extraídos de modo ilegal e o decreto de comercialización, que se publicará en breve. Este documento servirá para mellorar a rastrexabilidade do produto e garantir a súa procedencia e condicións hixiénico-sanitarias.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade deu inicio a unha campaña de inspección especial en establecementos de restauración colectiva da Coruña, Santiago e Ferrol intensificando o control sobre vieira non etiquetada. Ata o día de hoxe, incautouse



---

vieira sen identificar nun restaurante de Ares e noutro de Oleiros. En ambos os casos incoouse expediente sancionador por falta moi grave.

Ademais, desde as xefaturas territoriais das catro provincias foron convocadas ás principais asociacións de hostalaría para insistir nas obrigas do sector en materia de saúde pública.

Paralelamente, foille remitido un escrito ao delegado do Goberno no cal se lle lembra a responsabilidade de comunicar ás autoridades sanitarias a potencial entrada na cadea de alimentación humana de calquera produto non seguro para os consumidores, posibilitando con isto a máxima eficacia das actuacións de protección da saúde.

Desde a Xunta de Galicia faise un chamamento aos consumidores para que compren produtos polas canles legais de comercialización e que exixan nos restaurantes e establecementos comerciais a acreditación que garante a legalidade do produto e as súas condicións hixiénico-sanitarias.

#### **Proceso de comercialización**

Cabe lembrar que desde o ano 2002 é posible comercializar en fresco vieira das rías galegas que contén con autorización para a extracción deste produto. As vieiras extraídas teñen que pasar un proceso de evisceración dos órganos que acumulan toxina ASP, un proceso que só pode ser realizado por empresas autorizadas e capacitadas. Na actualidade hai dúas en Galicia.

Fóra destas empresas autorizadas non está permitida a súa evisceración, polo que tamén pode constituír un delito evisceralas e comercializalas se non se fai nun destes establecementos. As vieiras galegas extraídas con autorización e evisceradas por empresas autorizadas contan cun envasado específico e distínguense por levar un selo que asegura a súa seguridade alimentaria e a rastrexabilidade da súa orixe.

Nestes momentos, todas as rías galegas están pechadas para a extracción de vieira, polo que non existe nos mercados vieira fresca galega. Si pode existir conxelada ou fresca só no caso de que sexa procedente doutros países.

---

## O PROXECTO DE DIXITALIZACIÓN DE IMAXE NO SERGAS PERMITE AFORRAR MÁIS DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS AO ANO

- *A través desta iniciativa, o Sergas pode dixitalizar ao ano máis de 2 millóns de estudos*
- *Este sistema está integrado coa historia clínica electrónica, de forma que os informes de probas diagnósticas xerados se almacenan, se asinan dixitalmente e se fan accesibles directamente a todos os profesionais a través de IANUS*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe aos membros do Consello da Xunta o proxecto de dixitalización de imaxe no Servizo Galego de Saúde, que grazas ao seu avanzado estado de implantación permite xa aforrar máis de 2,5 millóns de euros ao ano ao evitar a impresión dos estudos.

A través desta iniciativa, o Sergas pode dixitalizar ao ano máis de 2 millóns de estudos, cuxos informes son accesibles desde todos os seus hospitais e centros de saúde; distribuír a imaxe dixital a todos os hospitais, puntos de atención continuada, centros de saúde e centros concertados; acceder á imaxe dixitalizada desde 200 salas cirúrxicas; dispoñer de 145 estacións de diagnóstico con ferramentas de alta produtividade para reconstrución 3D, mamografía e planificación cirúrxica con ortoprótese; e dispoñer de 430 postos de recoñecemento de voz que permiten que o 80% dos informes os elaboren os facultativos, permitindo derivar o traballo dos administrativos cara a outras tarefas.

### Elementos do proxecto

Este proxecto conta cun sistema de información de diagnóstico pola imaxe, que é un software propio desenvolvido polo Servizo Galego de Saúde para a xestión completa da actividade de realización de probas e de informes neste eido. Actualmente utilízase en todos os servizos de Radioloxía e de Medicina Nuclear dos centros de Atención Especializada do Sergas, e tamén se usa para almacenar imaxe noutros servizos, como Cardioloxía, Hemodinámica ou Endoscopia Dixestiva e Urolóxica, entre outros.

Este sistema está integrado coa historia clínica electrónica, de forma que os informes de probas diagnósticas xerados se almacenan, se asinan dixitalmente e se fan accesibles directamente a todos os profesionais a través de IANUS.

Ademais, o sistema de almacenamento de imaxe intégrase de forma estándar cos sistemas de información do Sergas, e as estacións de diagnóstico e software de visualización diagnóstica permiten aos facultativos diagnosticar os estudos sen ter que imprimilos, mesmo nos quirófanos. Por último, os sistemas de recoñecemento de

---

voz permiten aos profesionais realizar unha transcrición directa do ditado nun documento dixital.

A integración destes compoñentes supón que os pacientes obteñan unha maior calidade na súa atención, xa que permite a conexión inmediata aos informes de diagnóstico pola imaxe por parte de calquera facultativo en calquera centro do Sergas; o acceso dixital ao historial de imaxes e informes das probas realizadas ao paciente nos últimos anos; unha mellora nos tempos de elaboración dos informes -o que permite reducir a espera nos procesos de diagnóstico e de hospitalización- e unha maior calidade no diagnóstico, ao dispoñer os profesionais de ferramentas tecnoloxicamente avanzadas.

Así mesmo, no que se refire ás vantaxes para os profesionais de radioloxía, inclúen o rexistro e almacenamento no sistema de arquivo dixital de todas as exploracións - programadas e non programadas- que compoñen cada estudo; a mellora nos circuitos de acceso á imaxe; ferramentas informáticas avanzadas para o procesado da imaxe – como reconstrución 3D ou técnicas de diagnóstico asistido por ordenador-; capacidade de diagnóstico remoto entre centros; o arquivo de casos clínicos para investigación e docencia; a utilización dun catálogo de exploracións único baseado nos estándares da Sociedade Española de Radioloxía Médica; un formato de informes homoxéneo para todos os centros; e a utilización da sinatura dixital, que permite a eliminación do papel.

Así mesmo, grazas a este proxecto os facultativos de Atención Primaria e Especializada poden beneficiarse do acceso ao informe de radioloxía e servizos de diagnóstico pola imaxe, validado a través de IANUS e o acceso á imaxe médica desde a ferramenta de historia clínica de todos os centros da rede sanitaria.

---

## A XUNTA IMPULSA A PROGRAMACIÓN DA CIDADE DA CULTURA PARA O SEGUNDO SEMESTRE DE 2011 CO OBXECTIVO DE CONVERTER O GAIÁS NUNHA “FACTORÍA DE PROXECTOS” PARA GALICIA

- *O programa de actividades culturais da Cidade da Cultura de Galicia para o segundo semestre do ano ponse en marcha co apoio do Fundación Gaiás, abríndose unha vía de colaboración coa empresa privada que dá un novo pulo a este proxecto*
- *Novos tipos de visitas guiadas, unha ampla oferta de concertos, actuacións musicais, espectáculos de artes escénicas, proxectos expositivos e actividades lúdicas e didácticas dirixidas aos nenos forman parte deste programa, no que tamén haberá espazo para a formación, con seminarios e foros*
- *A Cidade da Cultura oferta programas de bolsas para formar xestores culturais e artistas en centros galegos e do estranxeiro. Ademais, convócanse cen prazas para participar no “I Encontro de artistas novos”, no que creadores de menos de 35 anos, galegos, do resto de España e doutros países convivirán no Gaiás con nomes xa consolidados do mundo da arte contemporánea*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre o programa cultural da Cidade da Cultura para o segundo semestre de 2011, que se pon en marcha co obxectivo de converter esta ambiciosa infraestrutura nunha “factoría de proxectos”, apostando pola diversidade, dende o punto de vista dos públicos, xéneros e formatos, polo compromiso de traballar en rede cos creadores e industrias culturais e pola decisión de operar como plataforma que incremente a visibilidade dos artistas galegos.

Este programa responde ao momento de despegue en que se atopa a Cidade da Cultura, unha fase cal que a prioridade é cimentar bases sólidas para asentar un proxecto a longo prazo, e que levará á presentación do Plan Gaiás, o 11 de novembro de 2011. Nesta fase, búscase primar as liñas de traballo de perfil sociocultural sobre a celebración de grandes eventos de corte espectacular.

O programa cultural ponse en marcha co apoio do padroado da Fundación Gaiás e ábrese unha vía de colaboración coa empresa privada que suporá un pulo esencial para converter o proxecto da Cidade da Cultura no factor de dinamización social, cultural e económica que Galicia precisa. A ampla oferta de actividades deste programa agrúpanse en seis categorías: visitar, explorar, crear, intercambiar, aprender e sumar.

**Visitar: novas formas de coñecer o Gaiás**

No capítulo de “Visitar”, ampliarase o programa de visitas guiadas con novas posibilidades de coñecer este proxecto, dirixidas á captación e fidelización de público, aumentando o número de visitantes, e convertendo a súa visita nunha experiencia o máis satisfactoria posible.

Porase en marcha “As visitas máxicas ao Gaiás”, dirixidas a toda a familia e recuperarase a combinación dos percorridos pola Cidade con actividades ao aire libre, como o sendeirismo ou a astronomía.

**Explorar: a oferta expositiva**

Co título de “Explorar” preséntase unha oferta multidisciplinar, que busca un equilibrio entre o público especializado e o xeral, entre as propostas dos artistas consolidados e as dos creadores emerxentes, con novas exposicións e cunha ampla oferta de actividades musicais e das artes escénicas.

Así, preséntanse tres novos proxectos expositivos. O Arquivo de Galicia acollerá a partir do 24 de xuño “Typewriter: a historia escrita a máquina”, unha mostra, que procede da Colección Sirvent, con máis de 3.500 máquinas de escribir, das cales a Cidade da Cultura amosará 120.

Entre elas atópanse modelos emblemáticos, como a primeira máquina fabricada comercialmente, máquinas decoradas en ouro, modelos que escribían en código empregadas por espías ou outras pezas tan curiosas que só se coñecen cinco iguais en todo o mundo. Todo un percorrido por unha invención que revolucionou o comercio, a administración, a política e mesmo a entrada da muller ao mundo do traballo.

A exposición, comisariada por David Barro, establecerá ademais un diálogo entre a propia colección de máquinas de escribir e as instalacións de catro artistas: Misha Bies Golas (Lalín 1977), Jorge Perianes (Ourense, 1974), Ignacio Uriarte (Krefeld, Alemaña 1972) e José Lourenço (Lisboa, 1975).

A partir do 1 de xuño, os espazos exteriores entre a Biblioteca e o Arquivo serán o escenario onde se instalarán as 24 esculturas de aluminio, de tres metros e medio de altura, que compoñen a obra “Figuras para a Batalla” do escultor Miquel Navarro, considerado un dos grandes artistas españois a nivel internacional. A obra, que lembra aos guerreiros de terracota de Xian, foi fabricada expresamente para ocupar este escenario, e creará un diálogo emocionante entre escultura e arquitectura.

### **Programación musical**

Neste Ano da Música de Galicia 2011, os concertos e actuacións musicais ocuparán un espazo central. O pasado martes día 7 e hoxe día 9 de xuño, a Biblioteca de Galicia convértese no escenario dos concertos do violenchelista Mischa Maisky, incluídos na programación do ciclo Galicia Classics. A música clásica estará tamén representada no festival “Espazos sonoros”, que cumpre a súa cuarta edición. Neste caso a Cidade da Cultura acollerá catro concertos con artistas da talla de Laura Alonso Parín e Lorenzo Santos, Pamela Kurstin, José Núñez e Nova Lux Ensemble.

A música contemporánea virá da man dos “Seráns do Taller Atlántico Contemporáneo”, unha reinterpretación das festas populares galegas que se celebran en todas as nosas aldeas. Así propóñense concertos nun formato nada convencional, organizados no lusco-fusco e onde a música se sumará a outras disciplinas como o humor ou a nova cociña galega.

Os camiños máis experimentais exploraranse no ciclo “Ruído ao fondo”, dedicado a expresións artísticas vinculadas ás artes sonoras, como concertos mois especiais, “esculturas sonoras”, *ready-mades* ou *performances*. As dúas primeiras confirmacións deste ciclo son a formación de Ankara-Turquía, *Hayvantar Alemi*, que desplegará a súa psicodelia os días 23 e 24 de xullo, e *No Age*, procedentes de Los Ángeles que, xunto aos anteriores, forma unha das novas bandas máis valoradas pola prensa especializada internacional. *No Age* estará na Cidade da Cultura os días 17 e 18 de agosto.

A programación musical completárase con “Diarios sonoros. Retratos do S. XX”, un ciclo dedicado aos artistas que abriron novos camiños musicais, aqueles que arriscaron converténdose en artistas de culto. Diferentes sesións, cada unha cun formato en función da personalidade do autor.

Tamén se recuperará “Atardeceres no Gaiás”, un espazo da programación dedicado á creación máis emerxente en disciplinas como as artes escénicas ou a creación literaria, xerando na praza unha atmosfera de relax.

### **Literatura e pensamento**

Literatura e pensamento ocuparán unha posición destacada. A Cidade da Cultura, que a pasada semana recibiu a visita de Jorge Edwards no ciclo “Diálogo Literarios no Gaiás”, patrocinará a segunda edición do Litvi, o encontro internacional de Literatura de Viaxes, que celebrará aquí a súa xornada inaugural coa conferencia de Antonio Gala o martes 14 de xuño. Neste mesmo mes, a recta final do ciclo “Galicia, ceo das letras” traerá, entre outros, á viúva de Jorge Luis Borges, María Kodama.

---

Facéndose eco das novas linguaxes expresivas, caracterizadas pola urxencia e polo valor da concisión, que encontran a súa máxima expresión nos usos de redes sociais como *twitter* ou nos *sms*, impulsárase a creación do “Laboratorio de pensamento breve”, unha aula experimental para analizar a obra de autores de primeiro nivel caracterizados por condensar a esencia das súas ideas en formatos breves, aforismos, haikus, greguerías, microensaíos. É o caso de Nietzsche, Lao Tse ou Pessoa, intelectuais que encaxairán á perfección no tempo que vivimos.

Co título de “Gaiás, cidade creativa” levarase a cabo un programa transversal de festivais monográficos, que englobarán diferentes disciplinas artísticas: A Cidade Mágica, A Cidade da Música, A Cidade das Artes Escénicas, A Cidade da Creación Dixital, A Cidade Sustentable. Neles, despregaranse concertos, actuacións en directo, talleres creativos e outras actividades que encherán de vida os exteriores e que nalgúns casos se coarán no interior dos edificios.

#### **Actividades para a familia**

Este programa cultural diríxese tamén aos máis pequenos, que poderán converterse en exploradores da Cidade da Cultura a través das “Visitas máxicas”. Para eles, continuarase co ciclo de teatro infantil “Titemá”, espectáculos de monicreques que a compañía Galitooon trae os domingos ao Auditorio da Biblioteca de Galicia e está a rexistrar unha boa acollida.

Entre setembro e decembro organizarase “Peque Classics”, unha actividade dirixida a achegar a música clásica aos máis novos a través de xogos, concertos didácticos e espectáculos infantís.

#### **Crear: impulso a novos proxectos artísticos**

No que se refire ao epígrafe “Crear” do programa cultural, destaca un proxecto que inicia unha liña de acción que pretende achegar este gran espazo para a creación e a reflexión a diversos artistas contemporáneos co obxectivo de converter á Cidade da Cultura en protagonista dos seus traballos. Un proxecto comisariado que recibe o nome de *INSIDE*, a través do cal se lle formulou a cada un dos autores o reto de realizar unha obra que, sen afastarse do eixo discursivo do seu traballo, poida orixinar ao mesmo tempo un diálogo cun espazo arquitectónico tan singular.

Os catro artistas participantes son Marlon de Azambuja (Brasil), Alicia Martín (Madrid), Pamen Pereira (Ferrol) e Damian Uceda (A Coruña). O resultado do seu traballo presentarase nunha exposición de intervencións artísticas que se inaugurará o próximo 11-11-11, coincidindo coa presentación do Plan Gaiás 2012-2018.



---

### **Aprender: I Encontro de Artistas Novos**

Outro dos eixes da programación xirará ao redor do concepto “Aprender”. Un dos eventos centrais será o “I Encontro de artistas novos”, que converterá á Cidade nun espazo de convivencia entre artistas galegos e doutras procedencias, ofrecéndolles a oportunidade de entrar en contacto e compartir experiencias con artistas consolidados, directores de museos, comisarios de exposicións. O encontro irá máis alá da Cidade da Cultura e dará a coñecer as infraestruturas dedicadas ao arte contemporáneo que existen en Galicia, como o CGAC ou o Museo Marco. Entre os artistas “profesionais” que xa confirmaron a súa presenza neste I Encontro podemos destacar a: Suso Fandiño, Victoria Dihle, Rubén Balsa, Fernando Sánchez Castillo, Daniel Canogar, Pierre Gonnord, Jose Luís Serzo o Antonio Ballester.

Para participar neste encontro ofértanse cen prazas. A organización correrá cos gastos de inscrición, aloxamento (en réxime de pensión completa) e das viaxes para visitar centros culturais galegos. O prazo para solicitar unha destas prazas xa está aberto e remata o 15 de xullo. Toda a documentación pode consultarse na web [www.cidadedacultura.org](http://www.cidadedacultura.org). A Cidade da Cultura convocará tamén programas de bolsas dirixidos a mellorar a formación de artistas novos e tamén de xestores culturais, tanto en centros galegos como en institucións culturais do estranxeiro.

No obxectivo de converter o Gaiás nunha referencia para o intercambio de ideas, organizarase o “I Foro Internacional de Espazos para a Cultura”, que levará por título “Infraestruturas e Espazos Culturais: Sustentabilidade e Retos de Futuro”. Representantes de institucións nacionais e internacionais analizarán a cultura como factor de desenvolvemento e o reto dos xestores das grandes infraestruturas culturais.

### **Sumar: fórmulas de colaboración**

Co principio de operar en rede como filosofía de traballo, a Cidade da Cultura apoia a través de patrocinios e outras fórmulas de colaboración proxectos promovidos por outras institucións e axentes culturais, apostando sempre por un “modus operandi” baseado en sumar, vertebrar e enriquecer. As liñas de acción do Gaiás buscarán sempre conectar iniciativas, artellar equipos e construír alianzas, complementando os recursos.

Neste epígrafe, a Cidade da Cultura patrocinará a produción do Centro Dramático Galego “A ópera dos 3 reás”, que se estreará en Santiago o próximo 23 de xuño. Ademais, apoiarase a celebración de dous concertos da cantante Luz Casal, o 22 de xullo en Santiago e o 23 de xullo en Pontevedra, con motivo da celebración do Ano



---

da Música de Galicia. No mes de decembro, a Fundación Cidade da Cultura patrocinará a presenza en Santiago de Cirque du Soleil co espectáculo "Alegría".

---

## A LEI DE MONTES FOMENTA A XESTIÓN FORESTAL A PARTIR DUN APROVEITAMENTO SUSTENTABLE E INTEGRAL DA SÚA RIQUEZA

- *Dado que o 97% da propiedade forestal é privada, particular ou veciñal en man común, establécese un marco claro que achega seguridade xurídica aos propietarios forestais, auténticos protagonistas no marco da xestión forestal sostible*
- *A norma, analizada hoxe no Consello da Xunta, regula de xeito amplo e pormenorizado todo o relativo á ordenación, planificación, defensa e aproveitamento do monte galego e busca reducir o tradicional minifundio da propiedade forestal*
- *Ordena os aproveitamentos forestais optimizando as diversas actividades e usos que permite o monte (madeira, pastoreo, caza, biomasa, froitos, etc)*
- *Por primeira vez régúlanse de maneira clara e simple, nunha única disposición, as distancias mínimas que teñen que cumprir as novas repoboacións forestais respecto doutros cultivos e de fincas, edificacións e instalacións, entre outros*

A Lei de montes elaborada pola Consellería do Medio Rural e analizada hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto establecer un réxime xurídico estable que se adecua á realidade galega e dá resposta ás continuas demandas que formulan os distintos axentes vinculados ao sector forestal. Define polo miúdo as competencias das administracións públicas; clarifica o réxime xurídico dos montes e refire as distintas tipoloxías de propiedade forestal; impulsa instrumentos de planificación forestal, a través de plans de ordenación dos recursos forestais (PORF); define os distintos tipos de aproveitamentos do monte e regula as infraestruturas forestais e a cadea monte-industria.

O texto legal, cuxos detalles foron explicados polo presidente da Xunta e o conselleiro do Medio Rural na rolda de prensa posterior ao Consello, recolle tamén o relativo ás accións e instrumentos de fomento forestal (SOFOR); aborda ademais os recursos xenéticos forestais, a defensa fitosanitaria e a educación, divulgación, formación e investigación e introduce modificacións na Lei de prevención de incendios que favorecen o seu cumprimento e aplicación.

### **Importancia forestal de Galicia**

A Lei de montes quere contribuír a poñer en valor a importancia do sector forestal para a nosa Comunidade e o lugar esencial que ocupa Galicia nesta materia, como indiscutible primeira potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa.

---

Neste sentido, na exposición de motivos lémbrese que dúas terceiras partes do territorio galego son forestais, e que a superficie forestal arborada representa o 48% do total do territorio galego, superando os 1,4 millóns de hectáreas e producindo anualmente máis de 7 millóns de metros cúbicos de madeira, a mesma cantidade que todo o Reino Unido ou que Italia e Bélxica xuntas.

No inicio do texto legislativoponse o acento, ademais, na importancia ambiental do noso monte, insistindo en que unha parte significativa da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (polo tanto en Rede Natura) se atopa en terreos forestais, e recórdase que o monte é un espazo que determina en gran medida a paisaxe e a identidade da nosa Comunidade.

### **Propiedade privada**

Por outra banda, signifícase que a gran maioría dos montes e terreos forestais galegos son de propiedade privada, incluíndo os chamados de varas, abertais, de voces ou de fabeo (propiedade de varias persoas, consonte ao costume), entre os que cabe incluír a figura tipicamente galega dos montes veciñais en man común, como propiedade privada de natureza xermánica especial colectiva. Con respecto a esta última, advírtese que esta lei non desenvolve o seu réxime xurídico ao considerarse que debe manter, como ata agora, unha singularidade normativa específica acorde co seu réxime xurídico, no marco definido polo Estatuto de autonomía de Galicia.

### **Estrutura da lei**

A Lei de montes estrutúrase nun título preliminar; doce títulos (con 146 artigos en total); cinco disposicións adicionais; nove transitorias; unha derogatoria e catro derradeiras, incorporando dous anexos nos cales se relacionan as especies forestais de crecemento lento e, por primeira vez nunha única disposición, as distancias mínimas que teñen que cumprir as novas repoboacións forestais.

En primeiro lugar, establécense os dereitos dos propietarios dos montes recoñecendo a súa función social. No punto das competencias das administracións públicas inclúese o Consello Forestal de Galicia.

### **Reducir minifundismo**

Defínese tamén a clasificación dos montes en función da súa titularidade e do seu réxime xurídico, diferenciando os montes públicos dos privados e detallando as distintas tipoloxías, cunha mención especial dos públicos e da figura do deslindamento (delimitación dos perímetros dos montes), importante para afondar no obxectivo de reducir o minifundismo forestal.

---

Na Lei dise que o deslindamento poderá ser promovido pola Administración ou por instancia dos propietarios ou titulares de dereitos sobre as parcelas. Detállase o procedemento e establécese que o deslindamento aprobado e firme supón a delimitación do monte e declara con carácter definitivo o seu estado posesorio, a reserva do que puidera resultar dun xuízo declarativo de propiedade.

### **Parcelacións**

En relación coa organización da propiedade, o artigo 69 establece límites ás parcelacións, divisións ou segregacións, de tal xeito que non se poderán realizar nin autorizar cando o resultado sexan parcelas de superficie inferior a 15 hectáreas. Do mesmo xeito, para efectos de obter axudas públicas, exixírase que os procesos de concentración parcelaria en terreos forestais cumpran, entre outros requisitos, o de dispoñer dunha superficie mínima, no ámbito que se vai concentrar, de polo menos 15 hectáreas.

### **Actividade forestal**

Concrétase tamén o concepto de “actividade forestal” como aquela relativa á conservación, mellora e aproveitamento dos montes (madeira, biomasa, pastos, caza, cogomelos, aromáticos, froitos). As modificacións entre os usos forestais e agrícolas son consideradas como cambios de actividade por esta Lei. Ademais, establécese que en terreos afectados por incendios forestais, non se poderá producir un cambio de uso nun período de 30 anos.

Os cambios de actividade forestal a agrícola, para a mellora da viabilidade das explotacións agrarias, e viceversa (da actividade agrícola á forestal), poderanse realizar cunha serie de cautelas que se establecen na propia norma. Así, por exemplo, no primeiro caso regúlase que o cambio en superficies maiores de cinco hectáreas será necesaria a autorización da Administración forestal e, naquelas poboadas de matogueiras ou especies do xénero *Acacia* poderase facer logo de comunicación en terreos de ata quince hectáreas, sendo precisa a autorización para superficies maiores. Nas modificacións de actividade agrícola a forestal, só poderán forestarse os terreos agrícolas que non formen parte dun banco de terras ou instrumento semellante, e cando cumpran algún dos seguintes supostos: que linden con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias; que constitúan enclaves agrícolas de ata cinco hectáreas utilizando as especies das superficies limítrofes ou frondosas caducifolias ou que se destinen a plantacións forestais para determinados froitos (noces, cereixas, castañas ou similares).

Tamén se recollen supostos especiais para os montes veciñais en man común, cuxos cambios de actividades estarán condicionados á modificación e aprobación do seu proxecto de ordenación; para espazos naturais, nos cales existe a obriga de contar

---

coa autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza; para zonas de concentración parcelaria que deberán ter en conta o plan de ordenación de cultivos ou forestal.

Regúlanse tamén as repoboacións forestais e as súas condicións, prohibindo expresamente aquelas realizadas co xénero *Eucalyptus* naquelas superficies poboadas por determinadas especies de crecemento lento (un total de 23 diferentes coníferas e frondosas que se especifican no anexo I), incluso con posterioridade ao seu aproveitamento ou afectación por un lume forestal.

As novas repoboacións a partir da entrada en vigor desta norma deberán cumprir unhas distancias respecto doutros cultivos, así como de predios, instalacións, etc., que se recollen no anexo II da Lei.

### **Ordenación dos montes**

O texto lexislativo dedica un capítulo á planificación e ordenación forestal, articulándose os instrumentos da mesma en torno a plans de ordenación de recursos forestais (PORF). Recóllese a redacción das instrucións xerais para a ordenación dos montes e os instrumentos de ordenación e xestión forestal, cuxo contido e estrutura se axustan ás necesidades dos propietarios, simplificándose ao máximo.

O instrumento de ordenación é obrigatorio para todos os montes, a partir de determinadas superficies, concretándose distintos prazos para o seu desenvolvemento. Neste sentido, o Plan Forestal de Galicia terá carácter vinculante e determinará o marco en que se elaborarán estes plans, que deben coordinarse cos correspondentes plans de prevención e defensa contra incendios forestais. As axudas e subvencións da Administración condicionaranse a que, no momento da solicitude, exista un instrumento de ordenación ou xestión aprobado e vixente, recollendo os prazos da normativa básica.

### **Aproveitamentos forestais**

O título cuarto da nova lei regula os aproveitamentos forestais, distinguindo os madeirables dos non madeirables, entre os que destacan, pola súa incidencia social, económica e ambiental, o cinexético e o pastoreo, prestándose unha especial atención a este último. Establécese que o dereito de pastoreo no monte corresponde ao seu propietario e que o aproveitamento de pastos se realizará de xeito compatible e respectuoso coa conservación do potencial produtivo do monte e as actuacións de rexeneración do arborado. Ademais, o gando que deambule nas zonas forestais sen identificación nos casos en que exista esta obriga legal, sen dono coñecido, terá a condición de mostrenco.

---

A xestión e administración destes animais será competencia dos concellos onde deambulen, que poderán dispor deles. Os propietarios dos terreos forestais afectados poderán retirar polos seus propios medios o dito gando e poñelo a dispor do concello. Dikir ademais que, no caso de montes con contratos de xestión pública e nos montes titularidade da Xunta de Galicia xestionados pola Administración forestal, a retirada do gando será da súa competencial. A consellería competente en materia de montes establecerá canles de colaboración cos municipios para a realización destes labores, buscando un abaratamento dos custos e unha simplificación dos trámites.

### **Formulación integral do ámbito forestal**

A norma presentada hoxe tamén dedica títulos ás infraestruturas forestais, á cadea monte-industria (creándose unha mesa da madeira e o rexistro de empresas do sector) e á certificación forestal, ferramenta clave para garantir a rastrexabilidade dos produtos forestais galegos. A educación, divulgación e investigación, así como os recursos xenéticos forestais e as enfermidades forestais e a defensa fitosanitaria, tamén se recollen no texto legal con títulos propios. O título sobre o fomento forestal, inclúe na súa regulación as sociedades de fomento forestal (SOFOR), que se configuran como entidades mercantís que agrupan dereitos de uso e aproveitamento de parcelas e que se estiman como piares fundamentais para o futuro desenvolvemento forestal da Comunidade Autónoma.

Por último, na lei especificase o réxime sancionador, desde a filosofía de conxugar a súa regulación, o rigor co infractor e a proporcionalidade debida entre a infracción cometida e a sanción imputada. A lei regula a cualificación dun terreo como forestal, as cotas mínimas de reinvestimentos en mellora e protección do monte, a consolidación legal da figura das SOFOR, o réxime de mecenado, os bosques como sumidoiros de carbono e a modificación da lei de incendios para mellorar a súa eficacia na loita contra os lumes forestais. En canto aos reinvestimentos, establécese que, nos montes públicos patrimoniais protectores e veciñais en man común, as contías (cotas) mínimas para mellora e protección forestal serán do 40% de todos os ingresos xerados e do 100% dos xerados a partir dos produtos resultantes de incendios forestais, considerándose ademais incluídos entre os fins de interese xeral, para efectos de incentivos fiscais, os orientados á xestión forestal sustentable.

### **Melloras na normativa sobre incendios forestais**

En relación coa norma sobre prevención de incendios, simplifícanse e incardínanse de xeito máis adecuado os distintos niveis de planeamento; recóllense uns contidos mínimos dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais; intégranse nos plans de distrito os de prevención e defensa das zonas de alto risco e redefínense os diferentes niveis de redes de faixas de xestión de biomasa, clarificando responsabilidades directas e subsidiarias, e integrándoas nos

---

correspondentes plans de distrito ou municipais. Ademais, modifícanse as distancias de seguridade arredor das vivendas e instalacións. Algúns dos cambios concretos máis salientables na lei sobre incendios son os seguintes: establécese a obriga de xestionar biomasa arredor de 50 metros dos núcleos de poboación (antes eran 100 metros), edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, obras, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte. Ademais, nos 30 metros (antes eran 50) desde o extremo da propiedade non poderá haber especies sinaladas na propia norma antilumes [piñeiro do país, piñeiro silvestre, piñeiro de Monterrei, piñeiro de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, queiruga, carqueixa, xesta, uz (carpaza), fento, silva e toxo].

Nas edificacións e instalacións construídas sen licenza, a xestión da biomasa dará dereito a unha indemnización polos danos e perdas que poidan ocasionar, así como polo lucro cesante, a cargo das persoas propietarias dos terreos edificados a favor do dono das especies afectadas. As novas edificacións en zonas forestais e de influencia forestal deberán asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección de 30 metros dentro da mesma propiedade arredor da edificación ou instalación, libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada.